

MESA SECTORIAL DO DÍA 13 DE XULLO DE 2021

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 27 DE MAIO.

Apróbase a acta da sesión referida tras as alegacións feitas polas Organizacións Sindicais.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE DESENVOLVE O DECRETO 107/2021, DO 1 DE XULLO, POLO QUE SE TRANSFORMAN INSTITUTOS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA EN CENTROS INTEGRADOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL E SE TRASLADAN ENSINANZAS.

ANPE Galicia comeza criticando o feito de que non tivese pasado pola Mesa Sectorial o Decreto 107/2021 xa que considerabamos que afecta ás condicións de traballo do profesorado. O feito de que agora pase pola Mesa este proxecto de Orde danos a razón e demostra o feito de que o Decreto tiña tamén que ter pasado pola negociación coas Organizacións Sindicais.

Consideramos que deberían crearse dous anexos máis no proxecto de Orde: un anexo II coa relación de profesorado desprazado por falta de horario ou suprimido e un anexo III coas prazas que saen amortizadas da transformación dos centros afectados.

Tamén demandamos que debe establecerse a mesma excepción que se recolle no proxecto de Orde para os orientadores no caso dos PT por si existe a posibilidade de que permanezan no seu centro base de orixe.

Detectamos dous erros no texto da Orde: na páxina 3 do documento debe facer referencia ao Anexo I e está repetido o punto noveno.

En relación ao punto décimo segundo de traslado de material, desde ANPE Galicia consideramos que non é función do profesorado o traslado de material como tiveron que facer noutros casos semellantes.

En relación á desaparición do centro de Baamonde demandamos que o PT pase a tempo completo e o Orientador pase tamén a tempo completo compartida co CPI Virxe do Corpiño.

No caso do centro de Areoura se lles trasladou ás familias que con 18 alumnos matriculados manterían as dúas unidades de primaria. Sen embargo, agora que conseguen as 18 matrículas se lles informa de que unha delas foi feita fóra de prazo polo que denunciemos que a intención da Administración sempre foi a de unir as dúas unidades nunha soa.

No caso de Teo desde ANPE Galicia trasladamos que o centro non ten intención de negociar máis coa Xefatura Territorial e piden a interlocución directa coa Dirección Xeral e co Conselleiro.

Demandamos unha vez máis, como levamos anos facendo, a creación e negociación dun mapa real e efectivo da Formación Profesional de Galicia.

A Administración estudará se hai vacantes suficientes nos centros receptores para absorber a todo o profesorado afectado, de non ser así poderían quedar nos centros novos cubrindo FP básica. A Administración informa como novidade que se poderán ofrecer esas vacantes con módulos de FP básica no Concurso Xeral de Traslados.

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- Solicitamos información sobre se a Consellería trasladou ás Xefaturas Territoriais os cupos de profesorado de primaria e secundaria se realmente se traballou por cupos e a variación que puido haber con respecto ao curso pasado. **A Consellería confirma que os cupos están enviados ás Xefaturas Territoriais.**
- Solicitamos información tamén sobre como deben proceder para a petición de prazas no CADP os aspirantes que superaron os procesos selectivos en varias especialidades do mesmo corpo. **A Administración informa que, polo momento, hai 3 casos (dúas persoas que aprobaron distintas especialidades do mesmo corpo e unha que aprobou en corpos diferentes). No caso de especialidades do mesmo corpo a Administración está informando de que pidan por unha delas (no caso de que pidan polas dúas adxudicárase por código de especialidade). Cando superen a fase de prácticas e sexan nomeadas funcionarios de carreira a Administración terá que valorar xuridicamente se a poden habilitar na outra especialidade.**
- Demandamos que se estableza, como o ano pasado, o reparto das prazas desertas de certos tribunais entre os restantes tribunais. **A Administración indica que se fará cando remate todo o proceso como recolle a Orde de Convocatoria.**
- Demandamos tamén certa flexibilidade no prazo de dous días para que os aspirantes que superaron os procesos selectivos poidan cubrir o CADP. **A Administración resposta que non haberá problemas.**
- Demandamos tamén un **criterio uniforme que permita aos opositores a revisión dos exames** da oposición. Hai tribunais que non o están permitindo e outros, que debemos felicitar, que permiten aos aspirantes ver o seu exame, teñen colgadas as preguntas e as respostas e as rúbricas. **A Administración indica que a orde de convocatoria recolle que os tribunais deben publicar as probas prácticas e as rúbricas da segunda proba.**
- Solicitamos información sobre cando está previsto a convocatoria de prazas de atención preferente e de prazas sometidas a convenio. **A Administración resposta que tentarán de que se celebren esta semana aínda que dubidan que sexa posible.**